

**EIXES TRANSVERSAIS**

**EIXO DE ACCIÓN 3**

**CREATIVIDADE E ESPÍRITO  
EMPRESARIAL**



## OBXECTIVO OPERATIVO 1

Fomentar entre a mocidade o cultivo do espírito creativo e innovador

### Medida 3: Programa FP plus

D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) e BIC Galicia.

Persoas beneficiarias: 12.833.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A posta en marcha de iniciativas emprendedoras entre o alumnado de formación profesional de Galicia, a través de catro liñas de traballo: FP Idea (incentivar e premiar as mellores ideas innovadoras ou emprendedoras), FP Simula (formación práctica para poñer en funcionamento unha empresa e coñecer experiencias emprendedoras), FP Avanza (posibilitar a creación dunha empresa a través dos viveiros dos centros de formación profesional) e FP Emprende (simulación do funcionamento dunha empresa na aula).



**OBXECTIVO OPERATIVO 2**

Facilitar espazos e materiais onde se difunda e sexa unha mostra latente do que é ou pode chegar a ser a creatividade como punto de inicio para o desenvolvemento das ideas empresariais

**Medida 2: Cooperativízate**

D.X. de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 1026.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: O coñecemento por parte da mocidade galega dunha forma de autoemprego alternativa: o cooperativismo. Para elo, desenvolveuse unha campaña de divulgación das potencialidades do cooperativismo dirixidas a mocidade na Rede de Centros “Eusumo”.

**Medida 3: Teleformación cooperativa**

D.X. de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 990.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: O achegamento das novas tecnoloxías de información e comunicación ás cooperativas galegas mediante a realización de cursos de formación sobre cooperativismo.



**Medida 7: Festival internacional mundos dixitais**

Secretaría Xeral de Medios (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 280.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A promoción do sector audiovisual e da comunicación en Galicia mediante a realización e organización de conferencias, obradoiros de formación, proxeccións e xornadas.

**OBXECTIVO OPERATIVO 3**

Establecer liñas de axuda para que a mocidade poida facer realidade as súas ideas empresariais

**Medida 2: Axudas á primeira instalación de agricultores mozos e mozas como titulares, cotitulares ou socios/as de explotacións do sector agrario galego**

D.X. de Producción Agropecuaria (Consellería de Medio Rural)

Persoas beneficiarias: 249.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O acceso de mozos/as á titularidade de explotacións agrarias, contribuíndo á súa vez a asegurar a súa competitividade, a continuidade do tecido agrario e o seu rexuvenecemento, así como o mantemento da poboación xuvenil no medio rural.




**Medida 3: Programa Emega**

D.X. de Comercio (Consellería de Economía e Industria)

Persoas beneficiarias: 48.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O apoio o emprendemento feminino e a consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral mediante a posta en marcha de iniciativas empresariais destas características.

**Medida 5: Programa de axudas para a promoción e difusión do sector cultural**

Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)

⇒ **Quebranosces**

Persoas beneficiarias: 200.

Tipo de actividade: Outros (actividades).

Obxectivos acadados: A motivación do alumnado de danza e a captación de novos públicos, a través dun proxecto integrador de danza e música que congrega no escenario distintos planos interpretativos tanto no exercicio coreográfico como nas execucións instrumental e coral.

⇒ **Formación.**

Persoas beneficiarias: 80.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: A formación en distintos campos da danza de mozos e mozas, a través da oferta de cursos de danza clásica, clase de puntas, pas de deux e danza contemporánea.





### ⇒ Clases de danza clásica

Persoas beneficiarias: 45.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A impartición na aula do Centro Coreográfico Galego de clases de danza clásica.



### ⇒ Cesión da aula de danza do Centro Coreográfico Galego

Persoas beneficiarias: 115.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: O achegamento a danza dos/as mais novos/as, permitindo a asistencia do alumnado dos centros educativos aos ensaios do corpo de baile do Centro Coreográfico Galego.

## Medida 6: Fondo Xes-Innova

Xesgalicia

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O financiamento de proxectos emprendedores que teñen como obxecto, preferentemente, o desenvolvemento de ideas vinculadas a innovación e as novas tecnoloxías.

## Medida 7: Re-emprende 2010

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Persoas beneficiarias: 60.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O incremento da actividade empresarial e o emprego, para elo, facilitouse a creación de novas empresas promovidas por novos emprendedores/as.



**Medida 8: Re-imaxina**

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: A posta en marcha de novas empresas e/ou mellora da competitividade de negocios ou asociacións xa existentes, a través de liñas de axuda para a financiación de investimentos en pemes.

Medida  
Nova**Medida 9: Proxecto NACCE**

D.X. de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 54.

Tipo de actividade: Outras (información e asesoramento).

Obxectivos acadados: O asesoramento e o seguimento na elaboración do Plan de Negocio.

Medida  
Nova**Medida 9: Proxecto YUZZ**

D.X. de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 52.

Tipo de actividade: Outras (información e asesoramento).

Obxectivos acadados: A promoción entre a mocidade de novas iniciativas emprendedoras vinculadas as TICS.

Puxo a disposición dos interesados unha rede de expertos, formación empresarial, asesorías e titorías personalizadas, unha plataforma de traballo colaborativo en liña, así como todo o soporte administrativo e xurídico preciso en caso de que a súa idea poida materializarse nun proxecto empresarial.



